



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE
FORMACIÓN PROFESIONAL
PORTA DA AUGA



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Normas de Organización e Funcionamento do CIFP Porta da Auga

Setembro, 2025

Índice

1.	PRINCIPIOS XERAIS	4
1.1	Exposición de motivos	4
1.1.1	<i>Finalidades</i>	4
1.1.2	<i>Obxectivos Xerais</i>	4
1.2	Normativa.....	5
1.2.1	<i>Normativa xeral de educación</i>	5
1.2.2	<i>Normativa específica de educación</i>	5
2.	ESTRUTURA ORGANIZATIVA.....	6
2.1.	Órganos unipersoais de goberno	7
2.1.1.	<i>Equipo Directivo</i>	7
2.1.2.	<i>Funcionamento equipo directivo</i>	7
2.2.	Órganos colexiados.....	8
2.2.1.	<i>Consello Social</i>	8
2.2.2.	<i>Claustro</i>	9
2.3.	Órganos de Coordinación	9
2.3.1.	<i>Órganos Colexiados de Coordinación</i>	9
2.3.2.	<i>Órganos Unipersoais de Coordinación</i>	10
2.4.	Órganos de representación do alumnado	12
2.4.1.	<i>Delegado de Grupo</i>	12
3.	DEREITOS E DEBERES	12
3.1.	Dereitos e deberes do profesorado.....	12
3.1.1.	<i>Dereitos do profesorado</i>	13
3.1.2.	<i>Deberes do profesorado</i>	13
3.2.	Dereitos e deberes do alumnado	14
3.2.1.	<i>Dereitos do alumnado</i>	15
3.2.2.	<i>Deberes do alumnado</i>	15
3.3.	Dereitos e deberes dos pais/nais, titores/titoras.....	16
3.3.1.	<i>Dereitos dos pais/nais, titores/titoras</i>	16
3.3.2.	<i>Deberes dos pais/nais, titores/titoras</i>	17
3.4.	Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.....	17
3.4.1.	<i>Dereitos do persoal de administración e servizos</i>	17
3.4.2.	<i>Deberes do persoal de administración e servizos</i>	18
4.	FUNCIONAMENTO	18
4.1.	Horario do centro	18
4.2.	Biblioteca	19
4.3.	Salón de actos	20
4.4.	Cafetería	21

4.5.	Actividades Complementarias á Formación	22
4.6.	Espazos específicos	24
4.6.1	<i>Aulas ordinarias</i>	24
4.6.2	<i>Aulas de informática</i>	25
4.6.3	<i>Talleres</i>	25
4.6.4	<i>Recinto exterior e aparcadoiros</i>	27
4.6.5	<i>Aula de Convivencia Inclusiva</i>	28
4.6.6	<i>Claustro/Espazo de lecer e Pavillón</i>	28
4.6.7	<i>Laboratorio de Ciencias</i>	28
4.7.	Asistencia	29
4.7.1.	<i>Alumnado</i>	29
4.7.2.	<i>Profesorado</i>	34
4.7.3.	<i>Gardas</i>	35
4.8.	Avaliacións	39
4.8.1.	<i>Desenvolvemento dos procesos de avaliación</i>	39
4.8.2.	<i>Probas Libres</i>	41
4.8.3.	<i>Protocolo de pendentes</i>	41
4.8.4.	<i>Protocolo de FCT e acceso ao módulo/período de formación na empresa</i>	42
5.	ALUMNADO FP DUAL NO RÉXIME INTENSIVO.....	43
6.	INFRACCIÓN E MEDIDAS CORRECTIVAS	44
6.1.	Infraccións	45
6.1.1.	<i>Condutas leves contrarias á convivencia</i>	45
6.1.2.	<i>Condutas graves contrarias á convivencia</i>	46
6.2.	Criterios de aplicación	48
6.2.1.	<i>Atenuantes e agravantes das medidas correctoras</i>	48
6.2.2.	<i>Reparación dos danos causados</i>	49
6.2.3.	<i>Prescripción das condutas e correccións</i>	49
6.3.	Medidas correctoras.....	50
6.3.1.	<i>Procedemento de corrección para condutas leves</i>	50
6.3.2.	<i>Procedemento de corrección para condutas graves</i>	51
6.3.3.	<i>Medidas correctoras fronte a condutas leves á convivencia</i>	53
6.3.4.	<i>Medidas correctoras fronte a condutas graves á convivencia</i>	54
7.	DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.....	56
7.1.	Procedemento e revisión das NOF	56
7.2.	Adaptación á nova normativa	56

1. PRINCIPIOS XERAIS

Os principios da educación sinalan a transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común, e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que deben realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

1.1 Exposición de motivos

1.1.1 Finalidades

Nestas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) establécense as normas específicas para o funcionamento do Centro Integrado de Formación Profesional Porta da Auga, baseadas na normativa vixente.

Este documento atende aos principios de eficacia e calidade na educación, de organización, respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, de prevención e tratamento das situacións conflitivas no Centro e de recoñecemento ao profesorado. Este NOF é de aplicación para toda a Comunidade educativa que pertenza o CIFP Porta da Auga poderá ser modificado cando as circunstancias así o requiran.

1.1.2 Obxectivos Xerais

- a. Dotar ao centro de marcos de referencia para a súa organización e funcionamento.
- b. Estructurar, definir e repartir responsabilidades para axilizar o funcionamento e facilitar a toma de decisións.
- c. Establecer mecanismos de participación de todos os membros da comunidade educativa.

- d. Elevar os niveis de convivencia xeral de todos os membros que integran o sistema educativo
- e. Regular o uso das instalacións e servizos ofertados polo centro

1.2 Normativa

1.2.1 Normativa xeral de educación

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2022. Do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

1.2.2 Normativa específica de educación

- DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia
- DECRETO 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 29 de xullo de 2011, pola que se desenvolve o decreto 77/2011 do 7 de abril.
- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- Orde do 5 de abril de 2013, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- ORDE do 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.
- RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25.
- RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25.

2. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Os centros integrados de formación profesional terán unha estrutura interna distribuída en tres áreas funcionais, para afrontar os fins e as funcións propias destes centros, mellorar as relacións coa comunidade e co ámbito produtivo e fomentar as relacións e o intercambio de experiencias entre os centros integrados. As áreas funcionais serán conforme ao ROC (Decreto 77/2011 do 7 Abril):

- a) Área de calidade, innovación e orientación profesional
- b) Área de formación
- c) Área de administración e xestión

A asistencia ás sesións das áreas funcionais, departamentos ou calquera outro órgano de coordinación é obrigatoria.

2.1. Órganos unipersoais de goberno

Segundo o artigo nº 5 do Decreto 77/2011, do 7 de abril polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Centros Integrados de Formación Profesional competencia da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional e Universidades. Os centros integrados de formación profesional, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das funcións que teñen encomendadas, contarán con órganos de goberno, participación e coordinación, de acordo co establecido no artigo 12 do Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1.1. Equipo Directivo

- a) A Dirección
- b) A Vicedirección
- c) A Xefatura de estudos
- d) A Secretaría

As persoas responsables da Vicedirección, da Xefatura de estudos e da Secretaría exercerán como xefes ou xefas da área de calidade, innovación e orientación profesional, da área de formación e da área de administración e xestión, respectivamente.

En canto ao nomeamento, competencias e cese destes órganos remitímonos ao disposto no ROC que os regula nos artigos do 8 ao 13.

2.1.2. Funcionamento equipo directivo

O Equipo Directivo reunirse **mensualmente**, con carácter xeral, para coordinar a actividade das áreas e resolver as cuestións que afecten ao día a día do Centro. Actuará como secretario a persoa responsable da Secretaría do Centro.

Trimestralmente, polo menos, a Dirección convocará unha reunión coas xefaturas das áreas funcionais e co responsable de calidade, para tratar o

seguimento do plan anual, as propostas que se incluírán e aqueles outros asuntos que xurdan no seo de cada área. Actuará como secretario ou secretaria a persoa responsable de calidade, que redactará a acta da sesión. Pola súa banda, cada xefatura de área funcional convocará formalmente e presidirá unha reunión **mensual**, como mínimo, coas xefaturas de departamento e cos responsables dos órganos de coordinación correspondentes. Nomearase un secretario de entre os asistentes que redactará unha acta dos acordos tomados. Esta acta presentárase a Dirección do Centro na reunión correspondente.

2.2. Órganos colexiados

Segundo o artigo nº 16 do Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os Centros Integrados de Formación Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e os principios marcados no artigo nº 14 do Decreto 77/2011, do 7 de abril polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2.2.1. Consello Social

É o órgano de participación da sociedade nos Centros Integrados de Formación Profesional. Nesta composición tenderase a unha composición equilibrada entre homes e mulleres, e estará composto por representantes da Administración, do Centro, das organizacións empresariais, asumindo a secretaría do consello o Secretario/a do Centro.

Como na súa constitución non se ha de ter en conta a presenza do alumnado nin do PAS, as suxestións destes colectivos fanse chegar, respectivamente, a través da Xefatura de Estudos e do Secretario/a do Centro.

2.2.2. Claustro

É o órgano de participación do profesorado na actividade do centro.

O claustro de profesorado reunirse preceptivamente cada trimestre en sesión ordinaria e , en todo caso, ao inicio e a finalización de cada curso.

Nas reunións ordinarias, a dirección do centro, cunha antelación mínima dunha semana, convocará a sesión. Se os asuntos que se van a tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de 48 horas, e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia.

2.3. Órganos de Coordinación

Segundo o artigo nº 5 do Decreto 77/2011, do 7 de abril polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Os centros integrados de formación profesional, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das funcións que teñen encomendadas, contarán con órganos de goberno, participación e coordinación, de acordo co establecido no artigo 12 do Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.3.1. Órganos Colexiados de Coordinación

Son os Departamentos, Equipos ou Comisións:

- a) Área de calidade, innovación e orientación profesional
 - Departamento de Información e Orientación Profesional (DIOP)
 - Departamento de calidade e innovación
 - Departamento de relación con empresas
 - Departamento de acreditación e probas

b) Área de formación

- Departamentos de familias profesionais
 - o Departamento de transporte e mantemento de vehículos
 - o Departamento de electricidade e electrónica
 - o Departamento de servizos socioculturais e á comunidade
 - o Departamento de administración e xestión
 - o Departamento de edificación e obra civil
- Departamento de formación e orientación laboral
- Departamento de dinamización de idiomas
- Equipo de dinamización de lingua galega

c) Área de administración e xestión

- Comisión de seguridade e saúde laboral. Regulada a súa composición no artigo 30 do ROC.

2.3.2. Órganos Unipersoais de Coordinación

Son órganos unipersoais de coordinación os seguintes:

- Xefes/as de departamento
- Coordinadores/as
- Titores/as

a) Xefes/as de departamento:

As funcións das xefaturas de departamentos de familias profesionais, FOL, están reguladas no ROC no artigo 22 e 23.

As funcións das xefaturas de departamento non relacionadas coa área de formación están reguladas nos artigos 25 e 28 do ROC.

b) Coordinadores/as

- Área de calidade, innovación e orientación persoal
 - Dentro do DIOP:
 - Coordinador/a de emprendemento
 - Dentro do departamento de calidade e innovación:
 - Coordinador/a de innovación e formación do profesorado
 - Coordinador/a de Tecnoloxías da información e comunicación (TIC)
 - Coordinador/a de programas internacionais
- Área de formación
 - Coordinación de biblioteca
 - Coordinador de dinamización de lingua galega
- Área de administración e xestión
- Dirección:
 - Coordinación de benestar e convivencia

Os departamentos estarán dirixidos polo xefe/a de departamento correspondente e as coordinacións polo coordinador/a correspondente, e todos actúan baixo a dirección do xefe/a da área funcional á que pertencen.

As funcións están reguladas nos artigos 32 e 36 do ROC

c) Tutores/as

Fronte a cada equipo docente estará un profesor/a que actuará como titor/a do grupo. As súas competencias están establecidas no artigo 40 do ROC.

2.4. Órganos de representación do alumnado

2.4.1. Delegado de Grupo

- Representar os seus compañeiros e as súas compañeiras.
- Asistir as convocatorias que xefatura de estudos estime oportuno.
- Ser voceiro de problemas e inxedanzas do seu grupo ante o profesorado, a titoría, etc.
- Manter reunións periódicas co titor ou a titora para tratar os problemas do seu grupo.
- Formularlle ao profesorado as cuestións particulares de cada materia ou módulo; en caso de non existir solución, deberá comunicarllo ao titor ou á titora.
- Colaborar especialmente coa titoría no mantemento da orde e do coidado das clases.
- No caso de faltar o profesor ou a profesora, encargarse de avisar desta incidencia na Dirección do CIFP.
- En caso de non asistencia á clase do delegado ou a delegada, encargarse das funcións do subdelegado ou a subdelegada, e, no caso de que este tampouco asistira, encargarse o grupo.

Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións coma portavoces dos alumnos/as, nos termos da normativa vixente.

3. DEREITOS E DEBERES

3.1. Dereitos e deberes do profesorado

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No seu artigo 8 fai mención aos dereitos e deberes do profesorado. Son os seguintes:

3.1.1. Dereitos do profesorado

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

3.1.2. Deberes do profesorado

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso

- contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
 - d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
 - e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
 - f) En virtude do establecido no Decreto 171/2010, do 1 de Outubro, da Consellería de Presidencia, sobre Plans de Autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, é obrigatorio que todo o persoal do Centro participe nos simulacros de emerxencias que se desenvolvan.
 - g) As comunicacións internas faranse normalmente a través de medios telemáticos, polo que o persoal docente que pertence ao Centro ten a obriga de consultar diariamente, o correo persoal da Consellería.
 - h) No tratamento dos datos do alumnado aplicaranse normas técnicas e organizativas que garantan a súa seguridade e confidencialidade. O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda aos datos persoais e familiares ou afecten á honra e intimidade dos menores ou das súas familias quedará suxeito ao deber de sixilo.

3.2. Dereitos e deberes do alumnado

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No seu artigo 7 fai mención aos dereitos e deberes do alumnado.

Son os seguintes:

3.2.1. Dereitos do alumnado

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

3.2.2. Deberes do alumnado

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

3.3. Dereitos e deberes dos pais/nais, tutores/titoras

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No seu artigo 6 fai mención aos dereitos e deberes das nais e pais ou tutores ou titoras. Son os seguintes:

3.3.1. Dereitos dos pais/nais, tutores/titoras

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as ou pupilos/as.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

3.3.2. Deberes dos pais/nais, titores/titoras

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as ou pupilos/as.

3.4. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No seu artigo 9 fai mención aos dereitos e deberes do persoal de administración e servizos. Son os seguintes:

3.4.1. Dereitos do persoal de administración e servizos

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

3.4.2. Deberes do persoal de administración e servizos

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

4. FUNCIONAMENTO

4.1. Horario do centro

O horario do centro é de 8.30h a 15:00h, e de 17:00h a 22.30h, de luns a venres, dende o primeiro día lectivo do mes de setembro ata o último día lectivo do mes de xuño.

Nos meses de verán, e sempre e cando non haxa actividades lectivas, o horario do centro pode variar en función das necesidades.

As actividades lectivas desenvólvense en horario de mañá (réxime ordinario) e de tarde (réxime modular) en sesións de 60 minutos. O horario de mañá

comeza ás 8:30h e remata ás 15:00h, con dous tempos de lecer de 15 minutos cada un, o primeiro de 10:30 a 10:45 e o segundo de 12:45 a 13:00.

O horario para os ciclos que se imparten pola tarde no réxime modular comeza ás 17.00h e remata ás 22:30h, sendo de 16:00h a 22:30h o horario dos ciclos en horario de tarde en réxime ordinario/dual, en ambos casos con tempo de lecer de 19:00 a 19:30h.

Os cursos destinados ás actividades formativas para desempregados (AFD), e outras actividades propostas dende o propio centro, impartiranse preferentemente en horario de tarde.

O horario de atención dende o DIOP será determinado ó inicio do curso, e estará publicado nun lugar visible e de fácil acceso.

O horario de apertura ó público da oficina é de 9.00h a 14.00h. (No verán pode haber lixeiras modificacións).

4.2.Biblioteca

O horario da biblioteca será de: 8:30h a 15:00 h

- A biblioteca do centro é un espazo pensado principalmente para a lectura e o estudo, polo que se prega a todas aquelas persoas que vaian a facer uso da mesma que o fagan de xeito que se permita manter o ambiente de traballo.
- Como norma xeral, o uso do espazo da biblioteca estará condicionado á presenza de profesorado nela, polo tanto, deberase solicitar permiso para acceder á mesma sempre e cando non estea aberta e con profesorado de garda presente.

CONSULTA E PRÉSTAMO DE LIBROS

- Para poder consultar os fondos da biblioteca será necesario solicítalo ao profesorado encargado.
- Para retirar un libro o lector deixará os seus datos ao responsable. O período de préstamo será de 15 días naturais.

USO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS

- Utilizaranse unicamente para fins didácticos.
- En cada ordenador só poderá haber un alumno/a

A impresión de traballos deberá autorizala o profesor/a de garda.

4.3.Salón de actos

Poderase utilizar o salón de actos, previa reserva polas canles indicadas dende a xefatura de estudos ou da dirección. Para poder organizar o uso desta instalación, a solicitude deberá facerse cun mínimo de 2 días de antelación.

Calquera persoa ou entidade allea ó centro, que desexe alugar ou utilizar as instalacións do centro deberá facer unha solicitude por escrito perante a dirección do centro, xustificando a demanda e as condicións propostas.

O salón de actos é un espazo de uso común por parte das diversas familias profesionais polo que se regula para un funcionamento ordenado e responsable, tendo en conta as seguintes normas:

- Establecerase un documento de reserva por horas do mesmo, sendo prioritarias as actividades que se realicen dende o equipo directivo, DIOP ou a familia profesional que necesite máis espazo pola concorrencia da súa actividade.
- No salón de actos existirá un rexistro de asistencia, deberá ser asinado pola persoa responsable nas horas ocupadas.
- O docente revisará o estado xeral do salón de actos e os seus equipos, o principio do seu uso, rexistrando calquera incidencia que poida atopar.
- A finalización do uso do salón de actos verificará que os equipos están apagados, as cadeiras colocadas e que non se detecte ningún dano, en caso

contrario indicalo no parte de rexistro e tomar as medidas necesarias co grupo, e, en caso de conflito, comunicalo ao Equipo Directivo.

4.4. Cafetería

A cafetería do centro estará aberta de luns a venres cumprindo o horario pactado na folla de especificacións técnicas asinado pola dirección do centro e o contratista, e que estará exposto o público.

No relativo á organización, funcionamento e prezos, estará supeditada ás condicións establecidas para a contratación do servizo de xestión e de explotación das cafeterías de centros educativos que dende a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades se esixen.

4.5. Actividades Complementarias á Formación

- Non se poderán realizar Actividades Complementarias á Formación que non contén coa aprobación correspondente. No caso de actividades fora do Centro deberase facer a solicitude co tempo necesario para a súa organización.
- O responsable da actividade será o encargado de informar ao seu alumnado das Actividades Complementarias á Formación (ACF) que se organicen dende o Centro e o comunicará ao equipo docente afectado.
- Nas ACF organizadas dende o departamento de DIOP, serán avisados os titores/as e profesores/as afectados/as con unha antelación de 7 días, agás naquelas actividades que se organicen con carácter de urxencia por causas externas ao departamento.
- Para as ACF planificadas a desenvolver co alumnado e profesorado de varias familias profesionais de xeito conxunto, o protocolo de actuación será o mesmo que no caso anterior, avisarase con 7 días de antelación a través de correo electrónico a todos os docentes involucrados na mesma, do mesmo

xeito, estes teñen a obrigatoriedade de comunicar a súa ausencia á actividade de ser o caso.

- Nas actividades complementarias á formación que se desenvolven fóra das instalacións do CIFP, os responsables da actividade deberán solicitar a autorización seguindo o modelo Autorización de saída do CIFP. O alumnado menor de idade debe ser autorizado polo seu pai/nai ou titor legal.

A autorización non só se limita á asistencia ás ACF senón tamén ao emprego da imaxe do alumno/a con fins didácticos ou divulgativos da actividade do Centro.

- O alumnado que teña un mal comportamento ou fora expulsado de clase poderá ser suspendido do dereito á participar nas actividades complementarias á formación.
- Realización das actividades complementarias á formación:
 - O alumnado deberá asistir ás actividades complementarias á formación que se realicen no horario escolar. No caso de non asistir poñeráselle a falta de asistencia correspondente.
 - Igualmente, o profesorado que teña asignadas horas de docencia co grupo que asiste a ACF, deberá estar presente de xeito obrigatorio na mesma axudando a velar polo correcto funcionamento desta e garantindo o bo comportamento do grupo ao que acompaña.
 - Para as actividades complementarias á formación que se realicen fóra do CIFP Porta da Auga e con horas fora do horario escolar, seguirase o procedemento seguinte:
 - Cada alumno ou alumna asinará no modelo establecido o compromiso de participación, que deberá ser arquivado polo titor ou titora. De non acadar o número mínimo de participantes na actividade suspenderase a mesma.
 - Se no momento de subir ao medio de transporte faltase algún alumno dos comprometidos, este deberá xustificar a falta documentalmentemente, de non facelo pagará o custo proporcional da actividade.

- O alumnado que non participa na ACF por causa debidamente xustificada ten a obriga de asistir á clase con normalidade, no caso de que non o fagan o profesorado deberá poñer a falta de asistencia correspondente. No caso de non participar e acudir ao centro, naquelas horas nas que teña clase co profesorado participante na ACF permanecerá realizando as actividades indicadas polo docente. No caso de ser menores, o profesorado de garda permanecerá na aula e informará á dirección do alumnado ausente posto que a non asistencia suporá unha falta non xustificada.

Os grupos con menores de idade estarán identificados nun listado na sala de profesorado.

- Nas actividades que se empregue o uso dun autocar, o alumnado non poderá utilizar o seu vehículo, salvo casos debidamente xustificadas e previa comunicación a dirección do centro.
- Nas ACF fóra do centro, a ratio será dun profesor ou profesora por cada 20 alumnos/as, agás para as saídas con pernocta, que será un mínimo de dous profesores ou profesoras en calquera caso. Se o número de alumnos/as o xustifica, e en función da actividade, poderán acompañalos máis profesores.

4.6. Espazos no centro

4.6.1. Aulas ordinarias

As aulas ordinarias xeralmente son os espazos onde o alumnado e profesorado pasará a maior parte das horas lectivas. Polo tanto, é importante que existan unhas normas básicas que garantan un axeitado ambiente de traballo:

- As aulas deberán permanecer pechadas en todo momento mentres non se está impartindo clase nelas. Non poden quedar abertas se o alumnado abandona a aula para dirixirse a outra aula/taller ou durante o recreo.

- O alumnado non permanecerá só nas aulas, salvo motivo extraordinario e polo tempo indispensable (por exemplo, entre un módulo e outro, mentres chega o novo docente).
- O material e mobiliario das aulas debe ser coidado, velando polo axeitado mantemento dos mesmos, sendo responsable de calquera desperfecto o alumnado que se atope nese momento na clase. Os docentes deben vixiar que o material e mobiliario é tratado adecuadamente durante as súas clases.
- A aula debe permanecer ordenada, gardando limpeza e evitando lixo polo chan ou sobre as mesas, empregando as papeleiras que existen en cada clase.
- Naquelas aulas nas que o alumnado poida cambiarse de roupa ao dirixirse ou regresar dos talleres, e que dispoñan de taquillas, a roupa e calzado quedarán sempre gardados nas mesmas.
- Para evitar subtracción de pertenzas, non se deberán deixar obxectos de valor nas aulas. O centro non se fará responsable.

4.6.2. Aulas de informática

As aulas de informática son espazos de uso común por parte das diversas familias profesionais polo que se regulan para un funcionamento ordenado e responsable, tendo en conta as seguintes normas:

- Establecerase un documento por aula de reserva por horas da mesma, sendo prioritaria a asignación da Familia profesional de cada aula
- Nas aulas existirá un rexistro de asistencia, deberá ser firmada polo docente responsable nas horas ocupadas polo mesmo.
- O docente revisará o estado xeral dos equipos o principio do seu uso, rexistrando calquera incidencia que poida atopar.

Á finalización do uso da aula verificará que os equipos están apagados e que non se detecte ningún dano, en caso contrario deberá indicalo no parte de rexistro e tomar as medidas necesarias co grupo, e en caso de conflito comunicalo o Equipo Directivo.

4.6.3. Talleres

Respectarase o disposto nos protocolos de acceso e uso de talleres que recollen as programacións de cada departamento das familias profesionais. En calquera caso, será obrigatorio o acceso aos mesmos cos correspondentes Equipos de Protección Individual (en adiante EPIs).

A utilización dos talleres fóra do horario lectivo, deberá contar coa autorización do xefe de departamento e dalgún membro da dirección.

Antes de que calquera alumno/a comece clase práctica algunha en calquera dependencia do Centro, será informado da necesidade de coñecer e de utilizar todas as medidas de seguridade que afecten ás ferramentas, equipos ou dependencias que vaian a utilizar. De non coñecer estas medidas, ou en caso de coñecelas e non existir, debe quedarlle claro que non poderá facer a práctica prevista baixo ningunha circunstancia. Tras ter identificados os riscos de cada posto, equipo ou dependencia, realizarase unha ficha informativa para cada caso no que se necesite (o modelo existe no Plan de autoprotección). Nestas fichas noméanse os riscos propios de cada posto, as normas a cumprir, e os equipos de protección individual que é pertinente utilizar. Aínda que existan fichas de seguridade, o alumnado serán debidamente informados polo profesor/a de cada materia, dos riscos presentes, dos coidados que se deben ter dentro da clase e da forma correcta de utilizar os EPI. Será a Comisión de autoprotección escolar a que se encargue da existencia e control das fichas informativas. Dita comisión está formada ao menos polo Responsable de Seguridade (Secretario) e polos Xefes/as de departamento.

Se existira alumnado sen Equipos de Protección Individual (EPIs), quedará excluído da realización das prácticas, deberá abandonar o taller e abrirase un DRI (Documento de Rexistro de Incidencias), ao non contar co material mínimo esixido para realizar as actividades previstas [punto e) do citado DRI]

Obrigacións xerais do Centro :

- Informar a tódolos ocupantes dos riscos que lles atinxen, e da forma axeitada de proceder para minimizalos.
- Existencia de fichas informativas nos equipos e dependencias que o requiran.
- Informar ao alumnado da obriga de utilizar e coidar os EPI en bo estado.
- Rexistrar as fichas debidamente asinadas polos alumnos/as xa informados e comprometidos.

Obrigacións xerais do alumnado :

- Fixarse nas fichas informativas e pedir información ao profesor/a.
- Fixarse nas fichas informativas e pedir información ao profesor/a.
- Traer e empregar os EPI que lles corresponda segundo as instrucións dispostas desde o Centro.
- Usar e coidar os EPI correctamente. Deben ser gardados nas taquillas correspondentes, do mesmo xeito que a roupa ou calzado. As taquillas deben permanecer pechadas e ordenadas.
- Os EPI deben ser lavados como mínimo unha vez á semana.
- Informar ao profesor/a de inmediato das anomalías detectadas en materia de seguridade.
- Non utilizar nunca equipo ou instalación algunha sen que se conte con toda a información e todas as medidas de seguridade necesarias.
- Aínda que nas exposicións anteriores trátase por todos os medios de evitar que se produzan accidentes ou emerxencias, faise necesario estar previstos por se se produciran.

4.6.4. Recinto exterior e aparcadoiros

- A parcela exterior considérase a todos os efectos parte do Centro, polo tanto rexen as mesmas normas que no interior das instalacións.
- Non se permite a entrada ao recinto a persoas non relacionadas con actividades do Centro. De producirse altercados ou actos contrarios ás normas de convivencia, serán subsidiariamente responsables o alumnado do CIFP

Porta da Auga que os cite no recinto ou os acompañe.

- O alumnado non poderá aparcar no recinto interior.
- Ninguén poderá deixar o vehículo fóra dos lugares habilitados ao efecto ou obstaculizando as beirarrúas.
- O Centro non se fai responsable de ningún dano que sufran os vehículos dentro do recinto escolar, nin de ningún tipo de roubo.
- O alumnado que dispoña de bicicleta ou patinetes poderán aparcalos nos lugares indicados.
- O alumnado segundo a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e da participación educativa, poderá ser sancionado por condutas contrarias a estas normas e que afecten a convivencia interna do Centro, independentemente onde estas se produzan, aínda que sexan fóra do recinto.

4.6.5 Aula de Convivencia Inclusiva

No centro educativo cóntase con unha Aula de Convivencia Inclusiva (ACI en diante) cuxa principal finalidade é a de atender a aquel alumnado que por diversos motivos foi privado da súa asistencia á aula de xeito temporal. Neste senso, cómpre destacar que a finalidade da ACI non é unicamente punitiva, senón que vai encamiñada á mellora da conduta e a favorecer a reflexión por parte do alumnado no referente aos motivos que orixinaron a sanción imposta, así como á posible reparación dos danos ocasionados de ser o caso. Todo o relacionado cos aspectos organizativos sobre o seu funcionamento, localización, horarios, etc, atópase recollido no documento que se adxunta ao Plan de Convivencia do centro, dispoñíbel na páxina web.

4.6.6 Claustro/Espazo de lecer e Pavillón

Para o uso da mesa de ping-pong e a presenza nestes espazos por parte do alumnado deberá restrinxirse ao propio tempo de lecer establecido polo propio horario do centro. Se existira unha causa xustificada para o uso destes espazos fóra do tempo asignado no horario, este deberá ser autorizado dende o equipo directivo. En calquera dos casos, débese facer un uso correcto dos

materiais e dos espazos que permita manter a convivencia e o normal desenvolvemento das clases.

O alumnado que faga uso do espazo designado no pavillón durante o tempo de lecer permanecerá baixo a supervisión dun dos docentes de garda de recreo, e atenderán ás instrucións recibidas polos mesmos e polo equipo directivo.

4.6.7 Laboratorio de ciencias

O uso laboratorio de ciencias está reservado preferentemente ao alumnado e profesorado que imparte os módulos de Ciencias Aplicadas nos ciclos de formación profesional básica. Fóra do horario establecido para estes módulos, e previa reserva do espazo poderá ser empregado por outros docentes e grupos de alumnado, que deberán sempre estar acompañados do profesor ou profesora correspondente.

- Existirá un rexistro de asistencia, que deberá ser firmado polo/a docente responsable nas horas ocupadas polo mesmo.
- Elaborarase un protocolo de seguridade e normas específicas do laboratorio, que será explicado e difundido ao alumnado nas primeiras sesións neste espazo, e publicado no mesmo e nos espazos virtuais que se considere oportuno.
- O/a docente revisará o estado xeral dos equipos e materiais que serán empregados antes do seu uso, rexistrando calquera incidencia que poida atopar.
- Á finalización do uso do laboratorio verificará non existe ningún dano, en caso contrario indicarse no parte de rexistro e tomaranse as medidas necesarias co grupo. En caso de conflito, comunicalo o Equipo Directivo.

4.7. Asistencia

4.7.1. Alumnado

- Segundo o artigo 25.2 da Orde de do 12 de xullo de 2011(DOG do 15 de xullo de

2011) a avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo, e o profesorado ten a obriga de controlar dita asistencia.

- Para o control de asistencia á clase o profesorado disporá do programa informático de xestión de faltas XADE, onde se introducirán as faltas diariamente.
- O profesorado poderá computar unha falta de asistencia por cada tres de puntualidade. Considérase falta de puntualidade cando o retraso non sexa superior a 10 minutos. A partir deste tempo se poñerá falta de asistencia, á hora que corresponda.
- Segundo o disposto no punto 4 do segundo apartado da Resolución do 10 de xullo de 2024, procederase á baixa de oficio cando un alumno ou alumna acumule o número de faltas inxustificadas a que se fai referencia no artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011 (de xeito continuado por un período superior a 15 días lectivos ou, de xeito descontinuo, por un período superior a 25 días lectivos).
- Para a perda do dereito á avaliación continua, teranse en conta as faltas non xustificadas e xustificadas. Ao alumnado de Formación profesional (básica, medio e superior) aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, que especifica que o número de faltas inxustificadas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas
A perda deste dereito pode facerse efectiva tamén no caso de alumnado que acumule faltas de asistencia xustificadas que, sumadas ás inxustificadas, superen o 20% da duración total dun determinado módulo.

En ambos casos, establecerase un sistema extraordinario de avaliación na programación de cada módulo que permita avaliar a ese alumnado que, por faltas reiteradas, non puidese ser avaliado cos criterios ordinarios establecidos para o sistema de avaliación continua.

En calquera caso, para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna.

- Segundo o artigo 20.5 da Orde do 13 de xullo de 2015 a perda de dereito á avaliación continua nun determinado módulo non será de aplicación para o alumnado de Formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria (menores de 16 anos). Activarase o protocolo de absentismo.

- Segundo as instrucións recibidas pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a xustificación das faltas de asistencia do alumnado por motivo de asistir a consulta médica, enfermidades ou indisposicións, aclárase que **no caso do alumnado en idade de escolarización obrigatoria (menor de 16 anos), non será necesario achegar xustificante médico**, resultando suficiente un xustificante escrito e asinado pola nai, pai ou persoa titora/gardadora legal. No caso de que o centro considere que a falta de asistencia por este motivo non está suficientemente xustificada por se producir de forma recorrente e continuada no tempo, excedendo os 4 días ao mes, o centro poderá solicitar unha xustificación.

- Para o resto dos casos, a continuación preséntase unha relación das posibles situacións e circunstancias que son susceptibles de ser xustificadas e os requirimentos necesarios para que esta xustificación se faga efectiva en cada caso:

<p>1. Por enfermidade ou accidente que lle impida a asistencia a clase: "Informe médico selado e asinado" onde se indique a imposibilidade de asistir a clase e período de convalecencia</p>

2. O tempo necesario para a asistencia a consulta do médico de cabeceira da Seguridade Social e asistencia a consulta médica de especialista da Seguridade Social (non se ten porque xustificar a asistencia a consultas privadas):

Documento acreditativo de asistencia médica onde indique o día e hora de asistencia selado e asinado

3. Pola realización de exames en centros oficiais ou profesionais, incluídos a obtención de Carnés de conducir e profesionais.

Certificado selado e asinado polo centro oficial, profesional, ou xefatura de tráfico correspondente

4. Citacións de xulgados, tribunais de xustiza, comisarías ou calquera outro organismo oficial. (Deber inescusable de carácter público ou persoal).

Certificado de asistencia a citación selado e firmado

5. Polo accidente ou enfermidade grave con hospitalización dun familiar de primeiro grado.

Xustificante selado e firmado polo centro sanitario onde se indique o nome e data do ingreso do familiar.

6. Polo falecemento dun familiar.

Nota: atendendo ao dereito á folga, o alumnado poderá secundar aquelas folgas debidamente convocadas, pero as faltas de asistencia á clase orixinadas por este motivo non serán xustificables en ningún caso.

En tódolos supostos anteriores, deberase aportar o documento xustificativo ao titor/a. Calquera outra situación persoal ou laboral do alumno/a, que se poida presentar, será o titor/a o que convoque o equipo docente para que este decida. Os imprevistos computaranse como faltas inxustificadas (no 10% para perda do dereito á avaliación continua).

- Os titores recollerán os xustificantes dentro dos cinco días lectivos seguintes á incorporación do alumno/a ao Centro. Nos casos de ausencia prolongada o alumnado ou un familiar deberá poñerse en contacto co seu titor/a para comunicar a súa situación.
- A comunicación por escrito da perda do dereito á avaliación continua levarase a cabo polo titor/a e será obrigatorio apercibilo previamente tal e como se

contempla na lexislación vixente, cando se chegue a un 6% de faltas. Tanto do apercibimento como da comunicación da perda de dereito á avaliación continua enviarase unha notificación mediante medios electrónicos a través da ferramenta Abalar. De non conseguir contactar co alumnado ou responsables do mesmo deste xeito tentarase realizalo a través da vía telefónica, e de ser preciso enviarase ao domicilio do alumno/a con acuse de recibo. De todo elo quedará tamén unha copia na secretaría do centro.

- Estes alumnos ou alumnas non perden en ningún momento o seu dereito de asistencia a clase, aínda que o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, ao resto do grupo ou as instalacións. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación, previa á avaliación final de módulos correspondente.
- Segundo o artigo 9 da Orde do 12 de xullo de 2011 se durante os cinco primeiros días lectivos do curso se observase a non asistencia de determinados alumnos ou alumnas, o centro docente requiriralles por escrito a súa inmediata incorporación nun prazo máximo de tres días contados desde a data de recepción da notificación e comunicaralles que, en caso de non se producir esta, agás causa debidamente xustificada, se procederá **á anulación da súa matrícula.**

O alumnado poderá solicitar voluntariamente a anulación da súa matrícula cunha antelación mínima dunha semana ao remate do período de matrícula.

A anulación de matrícula non computará a efectos de convocatorias consumidas.

- Segundo o artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011, logo de iniciadas as actividades lectivas, e durante o resto do curso académico, o centro realizará a **baixa de oficio** da matrícula cando un alumno ou una alumna non asistan á clase, de xeito continuo, por un período superior a 15 días lectivos ou, de xeito discontinuo, por un período superior a 25 días lectivos, sen xustificar dita

ausencia. Para tales efectos, deberá quedar constancia na secretaría do centro da comunicación ao alumno ou á alumna desta circunstancia administrativa.

A baixa suporá a perda da condición de alumno ou alumna do ciclo formativo e a correspondente convocatoria computarase como xa consumida. As baixas voluntarias dos alumnos terán os mesmos efectos que a baixa de oficio.

- Se o alumno é menor de 16 anos non poderá procederse á baixa de oficio pero iniciarase o protocolo de absentismo, despois de poñelo en coñecemento das familias e dos servizos sociais.

4.7.2. Profesorado

As faltas do profesorado están reguladas pola ORDE do 29 de xaneiro de 2016 (ampliada pola ORDE 24 de febreiro de 2016) e pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que modifica á Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Este conxunto de normativas son as que regulan o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas polas Lei orgánica, de 3 de maio, de educación e da Lei orgánica do 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- O profesorado asinará a súa chegada e a súa saída no sistema dixital de rexistro de sinaturas.
- O profesorado ten a obriga de solicitar permiso (cubrir o anexo correspondente) ó director de calquera falta de asistencia prevista. Así mesmo avisará coa debida antelación á xefatura de estudos e apuntarase na lista existente na sala de profesores disposta a tal efecto. No caso de faltas previstas, o profesorado deberá cubrir o anexo correspondente con tres días de antelación.
- No caso de faltas imprevistas deberá avisar á xefatura de estudos ou ao directivo presente. Neste caso tamén deberá cubrir o anexo correspondente no prazo máximo de tres días hábiles contando desde o día da súa incorporación, de non telo feito anteriormente.

- Dadas as peculiaridades dos centros integrados e a súa especialización dos módulos formativos, as posibles ausencias do profesorado dificilmente serían cubertas axeitadamente por outros profesores alleos ás familias profesionais. Os profesores poderán utilizar estas horas, como horas de reforzo doutros módulos ou ben adiantar as clases.

4.7.3. Gardas

A xefatura de estudos organizará o calendario de gardas ó principio do curso procurando que como mínimo haxa un profesor de garda en cada período lectivo para atender as ausencias de profesorado e un para atender a biblioteca, sendo prioritaria a atención aos grupos.

No referente á distribución das gardas ente o profesorado, é importante recalcar que existen catro tipoloxías de gardas diferentes:

- **Gardas ordinarias:** o profesorado permanecerá na sala de profesorado, localizable e dispoñible en todo momento por se a súa presenza é requirida ante calquera continxencia.

- **Gardas de biblioteca:** o profesorado permanecerá no espazo da biblioteca durante as horas que teña asignadas no seu horario individual.

- **Gardas de recreo:** o profesorado que teña asignadas estas gardas deberá responsabilizarse do control da permanencia no centro dos menores de 16 anos. Dende a xefatura de estudos facilitarase unha lista cos nomes e fotografías do alumnado que cumpra esas características. Unha persoa de garda de recreo deberá permanecer co alumnado que se atope durante o tempo de lecer no pavillón ou claustro interior do centro.

- **Gardas de ACI (Aula de Convivencia Inclusiva):** . expoñerase un horario na sala de profesorado no que se reflectan as horas que deben ser cubertas. Cando o profesorado con horas asignadas a estas gardas non teña que acudir á ACI para estar co alumnado, deberá estar dispoñible na sala de profesorado igualmente por se fose necesario realizar unha garda ordinaria.

A xefatura de estudos manterá ao día unha listaxe semanal de ausencias

previstas do profesorado que se exporá na sala de profesorado. Para que esta lista sexa operativa será necesario que o profesorado apunte a súa ausencia na devandita lista e informe, preferentemente á xefatura de estudos, coa maior brevidade posible, e sempre respectando o período **de tres días de antelación marcado pola normativa (faltas previstas)**.

Na sala do profesorado situarase unha pantalla na que se reflicte o nome de todo o profesorado que compón o claustro e na que se deben recoller as firmas para o control de asistencia, e a través da que tamén se realizará un rexistro das gardas efectuadas por parte do profesorado.

Como norma xeral, a actuación do profesorado de garda aterase á seguinte orde secuencial:

- a) O profesorado que ten asignada unha hora de garda acudirá á sala de profesores e asinará a hora correspondente á garda no programa de rexistro de firmas. Acto seguido verificará se hai ausencia de profesorado e comprobará no programa de firmas se falta algún docente e/ou se se deixou tarefa.
- b) Estando todo correcto, cando soe o timbre deberá verificar polos corredores que todos os grupos estean en clase.
- c) Controlará as incidencias que se poidan presentar nos corredores.
- d) Se existe profesorado ausente procederase como se describe nos puntos que se describen a continuación dependendo de cada situación.

Aspectos a ter en conta no caso de **faltas previstas**:

- **Grupos con alumnado menor de idade e que polo tanto non pode abandonar o centro:** se a falta é prevista, caben dúas opcións;

1. No caso de que o/a docente non deixase traballo ao alumnado, o profesorado de garda ou o equipo directivo poderá establecer traballo para o alumnado se así o considera oportuno. Procurarase que o

alumnado realice tarefas ou traballos pendentes doutros módulos. Se o profesorado ou equipo directivo o consideran, poderá facer uso da biblioteca, sempre baixo a supervisión do/da docente de garda.

2. No caso de que o docente ausente si deixase traballo. Á hora de cubrir a súa garda, o profesor/a responsable deberá preguntar ao membro do equipo directivo de garda cal é o traballo que o profesor/a ausente deixou para o alumnado. Mentres dure a súa garda permanecerá na aula co alumnado supervisando a realización das tarefas.

- **Grupos de alumnado maior de idade:** Achegarse á aula a comprobar se o alumnado está informado. Se non hai alumnado, comunicáraselle este feito a un membro do equipo directivo e volverá a sala de profesores.

Se hai alumnado poden darse estas dúas situacións:

1. No caso de que o docente non deixase traballo ao alumnado, estes poderán abandonar a aula, evitando interferir no normal desenvolvemento da actividade académica. En calquera caso, o alumnado non poderá quedar na aula sen a presenza dun profesor/a.

2. No caso de que o docente deixase traballo ao alumnado, estes deberán quedar na aula co profesor/a de garda asignado para realizar o traballo planificado.

Aspectos a ter en conta no caso de **faltas imprevistas**:

O profesorado de garda revisará o programa de rexistro de sinaturas e comprobará se hai profesorado ausente. Se aparece un profesor/a en vermello, acudirá a aula na que o devandito/a profesor/a tiña clase. De non existir aviso por parte do profesor/a, deberase informar ao alumnado que deberá esperar os 10 minutos correspondentes. Procederase do mesmo xeito cando o delegado dun grupo acuda a preguntar por un profesor ausente. Se pasados os 10 minutos o

profesor/a non se presenta, seguiríanse as pautas sinaladas:

- **Alumnado menor de idade:** permanencia na aula desenvolvendo algunha actividade de carácter académico acompañado polo profesor de garda.
- **Alumnado maior de idade:** poderá abandonar a aula sen interferir no desenvolvemento normal da actividade académica.

O cargo directivo poderá revisar horarios e profesorado dispoñible e facer os cambios oportunos para cubrir as horas que favorezan ao grupo

Outras funcións do profesorado de garda:

- **Actuacións en caso de emerxencias:** o profesorado de garda avisado dunha emerxencia, acudirá xunto ao alumno ou alumna, valorará a gravidade e realizará a chamada ao 112 se fora urxente, poñendo este feito en coñecemento do cargo directivo de garda se este non fose avisado no mesmo momento.

No caso de requirir asistencia médica fóra do centro, o cargo directivo de garda poderá delegar en quen considere oportuno, atendendo ao deber de garda e custodia que se lle esixe ao corpo docente, para acompañar ao alumnado mentres non se presente a súa nai, pai ou titor legal, no caso do alumnado menor de idade. No caso de maiores de idade actuarase atendendo á obriga de socorro.

- **Expulsións de aula:** ante a expulsión dun ou varios alumnos/as da aula, o profesor/a que está impartindo clase deberá cubrir o Documento de Rexistro de Incidencia (DRI) correspondente e enviar ao alumno/a á ACI (segundo o que se recolle no protocolo). Todo alumnado expulsado da aula debe ser debidamente informado da existencia dun rexistro de incidencia como consecuencia da súa actitude.

Sempre e cando un alumno/a sexa expulsado e acuda á ACI, deberá cubrir o documento de reflexión (DR) baixo a supervisión do

profesorado de garda na mesma. Se o alumno/a non ten traballo para realizar, volverá a incorporarse inmediatamente á aula ordinaria tras cubrir o DR.

- **Alumnado que non asiste á ACI:** neste senso levarase a cabo o procedemento sinalado no punto 4.5.

Nota: O profesorado de garda *deberá controlar as faltas de asistencia do alumnado* naqueles casos nos que a permanencia do mesmo na aula sexa obrigatoria segundo o exposto anteriormente e comunicará as ausencias a un membro do equipo directivo para que quede constancia da mesma. Será función do profesorado de garda de recreo, controlar que o alumnado menor de 16 anos non saia do centro.

4.8. Avaliacións

4.8.1. Desenvolvemento dos procesos de avaliación

- O profesorado que imparte docencia a un grupo de alumnado de formación profesional inicial constitúe o seu equipo docente, e estará coordinado polo profesor ou profesora que se encargue da titoría.
- Segundo o artigo 39 do ROC os equipos docentes reuniranse unha vez ao mes, segundo o calendario publicado pola xefatura da área de formación para a realización do seguimento da programación.
- Denomínanse sesións de avaliación ás reunións de carácter colexiado que realice o equipo docente, convocadas e presididas polo titor ou titora do grupo, levadas a cabo co obxecto de contrastar as informacións proporcionadas polo profesorado de cada módulo profesional en relación coa valoración dos resultados de aprendizaxe do alumnado e co seu progreso na consecución dos obxectivos xerais do ciclos. Nestas sesións, o equipo docente tomará as

decisións que afecten o proceso de avaliación e promoción do alumnado.

- Co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade, cada departamento de familia profesional incluírá na súa programación a sistemática que se vaia a empregar para darlle a coñecer ó alumando a información relativa á programación de cada módulo, con especial referencia aos obxectivos, aos criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como ao nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva. (artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011).
- O profesorado deberá mostrar ó alumnado que así o reclame o seu exame corrixido e cualificado.
- Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno ou alumna, así como as súas capacidades. O tratado nesta sesión e os acordos tomados polo equipo docente recolleranse nunha acta da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. (artigo 28 da Orde do 12 de xullo de 2011).
- Con independencia do réxime en que se cursen as ensinanzas, ordinario ou de persoas adultas, en cada curso académico e para cada grupo realizarase as sesións de avaliación e cualificación que regulamentariamente se establezan, as cales serán fixadas pola Xefatura de Estudos (Do artigo 29 ao 36 da Orde do 12 de xullo de 2011 e no caso de Formación profesional básica do artigo 20 ao 22 da Orde do 13 de xullo de 2015), atendendo á Resolución do 6 de xullo de 2023 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24.
- O profesorado ten a obriga de introducir as cualificacións no programa informático XADE dentro do prazo marcado polo sistema de xestión de calidade.

4.8.2. Probas Libres

Segundo o artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 as probas libres de técnico e técnico superior realizaranse de xeito diferenciado por módulos profesionais e tomarán como referencia os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación dos currículos formativos vixentes, e avaliaranse de acordo co disposto no artigo 26.1 de dita Orde.

No relativo a admisión e desenvolvemento das probas atenderase ao disposto na Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Corrección de erros. Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

4.8.3. Protocolo de pendentas

Segundo os artigos 20.b e 22.c do Decreto 77/2011 (ROC), corresponde ás xefaturas dos departamentos da área de formación a convocatoria do alumnado con módulos pendentas así como, en colaboración cos membros dos seus departamentos, a organización e desenvolvemento das probas necesarias; e todo isto sempre en coordinación coa xefatura de estudos.

Desde a área de formación desenvólvese un protocolo de actuación en caso de ter alumnado con módulos pendentas que desde principio de curso estará a disposición do claustro e que é de obrigado cumprimento.

As actividades de recuperación dos módulos pendentas de avaliación positiva será, como norma xeral, responsabilidade do profesorado que imparta ditos módulos no curso actual. No caso de que haxa módulos pendentas que non teñan asociada docencia, o encargado de levar a cabo as actividades de recuperación será designado polo departamento ao que pertenza dito módulo seguindo o establecido no protocolo de pendentas.

4.8.4. Protocolo FCT e acceso ao módulo de Formación en Centros de Traballo/Período de formación na empresa ou centro equipado

Co obxectivo de guiar o proceso da Formación en Centros de Traballo, así como definir os procedementos e persoas responsables dos mesmos nun único documento que axude á xestión eficiente da FCT, estableceuse no presente curso un protocolo. Este documento estará a disposición do claustro e será de obrigado cumprimento.

Segundo o disposto na Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo, o acceso ao módulo de FCT producirase cando o alumnado teña unha avaliación positiva en todos os módulos profesionais do ciclo formativo correspondente.

No caso dos primeiros cursos dos grados D e E, atenderase ao disposto no punto dous do apartado décimo segundo da *RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25. Nel recóllese o seguinte:*

2. O alumnado poderá ser incorporado a este período formativo nos seguintes casos:

- a) Cando a persoa sexa maior de dezaseis anos.*
- b) Cando a persoa conte co certificado en prevención de riscos laborais.*
- c) Cando existan prazas dispoñibles nas empresas cun perfil adecuado ao currículo do ciclo formativo.*
- d) Cando a persoa teña adquiridas as competencias profesionais necesarias para abordar con garantías as actividades formativas na empresa. Será o equipo docente, de xeito colexiado, o que tome a decisión do alumnado que poida ser incorporado, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente.*

4. ALUMNADO FP DUAL NO RÉXIME INTENSIVO

Segundo o **artigo 14 da Orde do 14 de xuño de 2018**, para poder continuar no proxecto de formación profesional dual o alumnado seleccionado deberá

superar a totalidade dos módulos profesionais do ciclo formativo correspondente, previstos para cada curso académico segundo o plan de formación que se establece no anexo III desta orde.

Non obstante, poderase continuar sen cumprir o anterior requisito por razóns debidamente motivadas e con autorización da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Así mesmo, o alumnado será **excluído do proxecto** de formación dual nos seguintes casos:

i) Durante o período de formación no centro educativo, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas que poidan derivar nunha falta de aproveitamento das ensinanzas tanto no centro educativo como posteriormente na empresa.

ii) Durante o período de formación na empresa:

– Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
– Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.

– Para o alumnado con contrato para a formación en alternancia, pola extinción do contrato por calquera das causas que se establecen no artigo 49 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto 2/2015, do 23 de outubro.

– Outras circunstancias que figuren no convenio suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a entidade colaboradora correspondente.

Para efectos de exclusión durante o período lectivo no Centro de Formación establécese que o número de faltas non xustificadas será un 10% total do módulo completo.

Para aqueles casos nos que non proceda a exclusión pero que sí se observe un número elevado de faltas de asistencia, equivalente ao que deriva en situación de PD no alumnado de réxime presencial do centro, establecerase un sistema extraordinario de avaliación na programación de cada módulo, que permita avaliar a ese alumnado que polas faltas reiteradas non puidese ser avaliado cos criterios ordinarios establecidos para o sistema de avaliación continua. Se o alumnado que presenta elevada inasistencia se reincorpora, nun momento dado, con regularidade ás clases, poderá procederse, novamente, a súa avaliación polo sistema ordinario previsto para o resto do alumnado do grupo que non presenta inasistencia continuada, a criterio do docente de cada módulo.

5. INFRACCIÓNS E MEDIDAS CORRECTIVAS

As condutas contrarias á convivencia, de acordo con establecido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, clasifícanse en:

- Condutas leves contrarias a convivencia
- Condutas graves contrarias a convivencia

O incumprimento das responsabilidades e obrigacións por parte dos membros da Comunidade Escolar será obxecto de valoración e posible corrección conforme ó establecido nos seguintes apartados.

Para a correcta convivencia no centro, as infraccións das normas de convivencia deberán ser detectadas e comunicadas por calquera membro da Comunidade Escolar. Se un profesor detecta unha conduta contraria á convivencia, dará parte á dirección para que se proceda ó rexistro da mesma.

6.1. Infraccións

6.1.1. Condutas leves contrarias á convivencia

Son condutas leves contrarias á convivencia segundo o artigo 42 do Decreto 8/2015 as que se enumeran a continuación:

- a. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos graves causados no centro, os actos inxustificados perturbadores do desenvolvemento das actividades do centro e as actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros do centro, que non alcancen a gravidade requirida para ser consideradas graves (punto a) do Artigo 16 da Lei 4/2011).
- b. Portar calquera obxecto, substancia ou produto, que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para ser consideradas graves (punto b) do Artigo 16 da Lei 4/2011).
- c. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases, incluídos os EPIs en correcto estado e limpeza.
- d. Beber ou comer nas aulas. Solo se permite beber auga con autorización do profesor.
- e. Alborotar nas clases e molestar ós compañeiros, impedindo o correcto seguimento das mesmas.
- f. Manterase silencio nos corredores durante os períodos lectivos e especialmente en período de exames.
- g. Manterase as instalacións do centro e circundantes limpas.
- h. O emprego de aparellos das novas tecnoloxías (móviles, reloxos intelixentes, ContactLens Smartphones) sen a autorización expresa do profesorado. Durante as horas de exame ou as horas de clase, o profesorado poderá solicitar que o alumnado apague o dispositivo electrónico. En caso de incumprimento das indicacións o dispositivo poderá

ser apagado e requisado polo profesorado e entregalo a Xefatura de Estudos. Poderá ser recuperado á última hora de clase.

- i. Nas aulas ou durante períodos lectivos non está permitido o uso de gafas de sol, gorras ou outros complementos que cubran o rostro do alumnado.
- j. Entrar nas aulas despois das horas de entrada, sen pedir permiso. Levantarse e abandonar a aula sen pedir permiso ou obstaculizar espazos de uso común (escaleiras, entradas e saídas, etc.)

6.1.2. Condutas graves contrarias á convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia as que se enumeran a continuación:

- a. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa (punto a) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- b. Os actos de discriminación graves contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social (punto b) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave (punto c) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- d. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa (punto d) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- e. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes, vídeos ou arquivos de son dos membros da comunidade educativa sen a súa autorización expresa.

- f. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo Artigo 28 da Lei 4/2011 (punto e) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- g. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos (punto f) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- h. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción (punto g) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- i. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar (punto h) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- j. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas (punto i) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- k. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado (punto j) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).
- l. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia (punto k) do Artigo 38 do Decreto 8/2015). Ante a acumulación de tres faltas leves, proporase a realización dunha reunión entre docente-alumno e comisión de convivencia para tratar de aclarar e reverter o motivo da mala conduta. Este feito non exclúe a posibilidade de que se tomen outras medidas sancionadoras.
- m. O incumprimento das sancións impostas (punto l) do Artigo 38 do Decreto 8/2015).

- n. Calquera outra conduta que supoña un prexuízo grave cara o centro ou a calquera membro da comunidade educativa.

6.2. Criterios de aplicación

6.2.1. *Atenuantes e agravantes das medidas correctoras*

- **Atenuantes** Para establecer as correccións serán circunstancias atenuantes:
 - a. Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
 - b. A non intencionalidade.
 - c. A participación no proceso de mediación, asumindo e cumprindo o acordo adoptado no mesmo, tras facer unha valoración a través do seu seguimento.
- **Agravantes** Considéranse circunstancias agravantes:
 - a. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
 - b. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
 - c. A natureza dos prexuízos causados.
 - d. Os actos realizados colectivamente.
 - e. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere favorecedora desta vulnerabilidade.
 - f. O non cumprimento dun acordo adoptado nun proceso de mediación.

6.2.2. *Reparación dos danos causados*

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais do centro, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e a os bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

6.2.3. Prescrición das condutas e correccións

- a. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste NOF, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
- b. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
- c. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

d. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben a o ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

6.3. Medidas correctoras

6.3.1. Procedemento de corrección para condutas leves

Segundo o artigo 44 do decreto 8/2015 a imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaráas a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

6.3.2. Procedemento de corrección para condutas graves

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 do Decreto 8/2015 deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba do contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.

b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.

c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.

d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.

e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.

f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

4. Para facer a selección da persoa instrutora valoraranse os seguintes aspectos:

- O coñecemento do centro e da comunidade educativa
- Tratarase de escoller a un docente que pertenza, preferiblemente, a outra familia profesional distinta á que pertence o alumnado involucrado no conflito que se vai a mediar.
- Atendendo ao recollido na lexislación, valorase de xeito positivo o feito de posuír formación relacionada coa convivencia escolar.

5. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipadas/os, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

6. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

7. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV deste título son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

8. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse igualmente á Inspección Educativa.

6.3.3. Medidas correctoras fronte a condutas leves á convivencia

Segundo o artigo 43 do decreto 8/2015 as condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro polo período que o centro considere oportuno.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

6.3.4. Medidas correctoras fronte a condutas graves á convivencia

Segundo o artigo 39 do Decreto 8/2015 as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro polo período que o centro considere oportuno.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a

suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

6. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

7.1. Procedemento e revisión das NOF

Corresponde ao Consello Social a aprobación, revisión e modificación destas Normas de Organización e Funcionamento.

As NOF poderán ser revisadas a petición da maioría de calquera dos colectivos da comunidade educativa. Esta petición deberase realizar ante a Dirección do CIFP.

A avaliación destas NOF é un proceso continuo que emana da súa aplicación práctica, polo que a súa revisión poderá facerse en calquera momento e as modificacións serán incluídas no Plan Anual.

Correspóndelle á Dirección coidar do seu cumprimento, procurando que todos os membros teñan acceso a elas. O Claustro de Profesorado colaborará para que estas normas se cumpran.

7.2. Adaptación á nova normativa

No momento da revisión e aprobación das Normas de Organización e Funcionamento do centro, atópase en tramitación a futura *Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de condutas aditivas*, que entre outros aspectos pretende regular a venta, consumo e posesión de bebidas enerxéticas e vapeadores, así como introducir pautas para o sector educativo no relativo ao uso de novas tecnoloxías.

Polo tanto, aquelas normas e indicacións que emanen da devandita lei e que teñan influencia e relación coas condutas leves ou graves en materia de convivencia, serán tidas en conta e incorporadas ás presentes Normas de Organización e Funcionamento.